

REXISTRO XERAL DO VALEDOR DO POBO

SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data: 16/10/2018 10:17:56

SAIDA

12960/18

Sra. presidenta da Deputación Provincial de
Pontevedra
Avda. Montero Ríos, s/n,
36071 Pontevedra

Expediente: G.6.Q/18793/18

Santiago de Compostela, 15 de outubro de 2018

Sra. presidenta:

Nesta institución iniciouse actuación de oficio, en aplicación do disposto no artigo 16 da Lei 6/1984, de 5 de xuño, do Valedor do Pobo, como consecuencia da noticia aparecida no *Diario de Arousa* o 14 de outubro en relación co embargo dunha risga.

Na noticia sinálase: "Desde hai tres meses M. G. P. percibe un Risga, unha prestación económica que dispensa a Xunta de Galicia a aqueles que necesitan diñeiro para subsistir. Con todo este vilargarcían comprobou fai tan só uns días que o seu último ingreso, de 403,52 euros, foi retido pola entidade bancaria na que recibe esta percepción da administración. "Resulta que teño unha débeda contraída coa Deputación por un imposto de rodaxe que non paguei. Vin que ou banco me retivera o total da Risga, polo que estou a cero", explica. M. G. P. ensina o extracto da súa conta con 0 euros na mesma, e tamén unha serie de documentación que lle achegou a técnica de Servizos Sociais do Concello de Vilagarcía na que se advirte con claridade que, segundo a lexislación vixente, unha percepción económica para a subsistencia como pode ser o Risga é inembargable. "Fun primeiro ao Concello e dixéronme que non podían facerme iso. Déronme os documentos e fun falar co banco, pero alí ignoraron totalmente a lei. Puxen unha reclamación, pero estou á espera de que a resolvan", indica. Unha espera que, recoñece, "fago na extrema pobreza porque levo dúas semanas con cero euros na conta bancaria".

Polo exposto anteriormente iníciase a correspondente investigación sumaria e informal para o esclarecemento dos feitos. En concreto solicitamos desa deputación que no prazo de 15 días, de acordo co previsto no art. 22.1 da Lei do Valedor do Pobo, nos facilite información sobre as comprobacións realizadas en relación cos feitos sinalados; sobre as causas da retención e sobre se considerouse que se fai respecto dunha risga; sobre as medidas adoptadas ou previstas; e sobre as demais circunstancias que se consideren relevantes para a completa valoración do obxecto da queixa.